

Minius

historia,
arte e xeografía

2013

21

- Dossier
O mar na historia
- Artigos
- Recensións
*Recensións monografías
publicadas en Galicia*

SEPARATA

Universidade de Vigo

Departamento
de historia, arte
e xeografía

MINIUS

Revista do Departamento de
Historia, Arte e Xeografía
Universidade de Vigo

N.º 21
2013

MINIUS**Historia, Arte e Xeografía**

Servizo de Publicacións. Universidade de Vigo
Vol. 21, 2013

Directora: MARÍA LÓPEZ DÍAZ (UNIVERSIDAD DE VIGO)

Directora Adxunta: BEATRIZ VAQUERO DÍAZ
(UNIVERSIDAD DE VIGO)

Secretario: FRANCISCO JAVIER PÉREZ RODRÍGUEZ
(UNIVERSIDAD DE VIGO)

Vocais: MERCEDES DURANY CASTRILLO (UNIVERSIDAD DE VIGO), AUGUSTO PÉREZ ALBERTI (UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA), ALFREDO VIGO TRASANCOS (UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Consello Asesor: BEATRIZ ARÍZAGA BOLUMBURU (UNIVERSIDAD DE CANTABRIA), GEMMA CÀNOVES VALIENTE (UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE BARCELONA), RUI MANUEL LOPES SOUSA DE MORAIS (UNIVERSIDAD DO MINHO), MARÍA DEL MAR LOZANO BARTOLOZZI (UNIVERSIDAD DE EXTREMADURA), JEAN MARC MORICEAU (UNIVERSIDAD DE CAEN), WILLIAM O'BRIEN (UNIVERSITY COLLEGE, CORK), MARÍA DE LOS ÁNGELES PÉREZ SAMPER (UNIVERSIDAD DE BARCELONA), CARLOS REYERO HERMOSILLA (UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID), OCTAVIO RUIZ-MANJÓN CABEZA (UNIVERSIDAD COMPLUTENSE), MARÍA LUISA SÁNCHEZ LEÓN (UNIVERSIDAD DE LES ILLES BALEARS), JUAN EUGENI SÁNCHEZ PÉREZ (UNIVERSIDAD DE BARCELONA).

Edición:

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
Edificio da Biblioteca Central
Campus das Lagoas - Marcosende
36310 VIGO
Teléfono: 986812235. Fax: 986813847. Correo:
sep@uvigo.es

Deseño da cuberta: SignumDeseño.

Maquetación: Andavira Editora, S.L.
(www.andavira.com)

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo,
2013

Impreso en España - Printed in Spain

ISSN: 1131-5989

Depósito Legal: OR 209/92

Este volumen de Minius publícase cunha axuda da
Universidade de Vigo - Servizo de Publicacións.

Intercambio envíos:

EUGENIA CARBALLO - Hemeroteca
Biblioteca Central do Campus de Ourense
Avda. Otero Pedrayo, s/n.
32004-Ourense

Reservados todos los derechos. Ninguna parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento electrónico o mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética o calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

**OS PÓSITOS DE PESCADORES: DO ANTIGO RÉXIME Á
IIª REPÚBLICA. UNHA INICIATIVA CONCILIADORA?**

**Fishing cooperatives: From the Former Regime to the Second
Republic. A conciliatory initiative?**

DIONÍSIO PEREIRA GONZÁLEZ*

Licenciado en Ciencias Económicas

Recibido: 24/10/2012
Aceptado: 11/06/2013

Resumo:

Os Pósitos de Pescadores, naceron como moderada proposta asociativa de carácter mixto e interclasista no tempo da Iª Guerra Mundial, empregando como referentes as antigas Confrarías de Pescadores medievais e os Pósitos agrícolas casteláns. Daquela, tiveron como finalidade agrupar os mariñeiros da maioritaria flota artesanal para mellorar as súas duras condicións materiais de traballo, afastándoos do emerxente asociacionismo mariñeiro de clase. Non obstante, a súa evolución reivindicativa durante a IIª República, período no que moitos deles levaron a cabo ao longo do litoral galego unha importante angueira colectiva de carácter asistencial e mutual, suscita algunhas dúbidas respecto do devandito carácter conciliador da súa traxectoria.

Palabras chave: Pesca, modo de produción pesqueiro, asociacionismo, Pósitos, República.

Abstract:

Fishing cooperatives, whose models are medieval fisherman's associations and Castilian public granaries, originated during the First World War as a moderate proposal of association of a mixed and inter-class nature. The purpose of these cooperatives was to group the fishermen of the majority traditional fleet in order to improve their terrible working conditions and to keep them from the emerging fishing associativism. However, the evolution of their demands during the Second Republic, a period in which many of them carried out an important collective task related to welfare along the Galician coast, raises some doubts about the previously mentioned conciliatory character.

Keywords: Fishing, method of fish production, associativism, cooperatives, Republic.

* Proxecto de Investigación Interuniversitario "Nomes e Voces". E-mail: antenor53@yahoo.es

A conciencia da dura e inxusta condición do traballador do mar, vai estar no cerne do instinto asociativo que, devalando o século XIX, entronca cos Gremios de Mar medievais e os agrupamentos mariñeiros que aínda persistían e que, como no caso dos volanteiros da Guarda ou dos pescadores do “cerco real” na Coruña, artellaban a solidariedade precisa tanto para as faenas colectivas da pesca como para unha mínima protección social. Mais o asociacionismo mariñeiro desenvolto no primeiro terzo do século XX, vai progresar nun panorama cambiante canto ás actividades pesqueiras.

É sabido¹ que, no transcurso deste período, os pescadores galegos pasan de faenar estacionalmente a poucas millas da costa procurando maiormente sardiña e pescada, a bordo de pequenas embarcacións impulsadas a vela ou remo de propiedade familiar, a tripular unha flota de vapores pertencente a armadores en boa medida afastados do traballo no mar, que, tras esquilmar os bancos de pesca tradicionais, frecuentaba caladoiros distantes e atendía ás crecentes necesidades urbanas dun consumo masivo de peixe fresco. Asemade, lonxe xa o influxo das artes de arrastre de praia introducidas polos fomentadores cataláns e iniciado o devalo da pesca da sardiña a bordo das lanchas xeiteiras, pasábase a ateigar un mundo de motoras do cerco que se achegaba ate augas portuguesas para satisfacer a demanda de sardiña dunha potente industria conserveira que, na Ría de Vigo, xa multiplicara por 12 as súas vendas no intervalo comprendido entre os anos 1894 e 1929.

En realidade, estábase a producir un cambio estrutural na pesca, derivado da mudanza do modo de produción pesqueiro. Dito con outras palabras, naquel tempo viviuse a transición entre a pesca artesanal e o agromar do capitalismo no sector extractivo, inducido quer polo desenvolvemento acelerado das actividades de transformación do peixe, verdadeiras dominadoras en diante do mercado da sardiña, quer pola demanda urbana de peixe de mesa alentada tras a mellora das comunicacións ferroviarias e por estrada.

Para que teñamos un punto de referencia e seguindo as estatísticas oficiais de pesca, na altura de 1932 a flota galega estaba composta por 14.161 embarcacións, que desprazaban 60.000 TRB, capturaban 127.000 Tns. de peixe e tiñan como dotacións 58.000 homes (en torno a un 6% da poboación activa galega naquel intre), coa particularidade de que o 70% da tonelaxe e o 49% das tripulacións correspondía xa a barcos de propulsión mecánica².

Na nosa beiramar, non obstante, aínda convivirán ate os nosos días os dous modelos devanditos: o da pesca artesanal, vencellada ás necesidades e á estrutura familiar, e o que poderíamos denominar de transición á pesca industrial ou ao

1 GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1989): 7-32.

2 MINISTERIO DE INDUSTRIA Y COMERCIO (1933).

capitalismo pesqueiro, exemplarizada na potencia do universo pesqueiro vigués, única experiencia industrial estruturada (dende as faenas de pesca propiamente ditas, ate a súa comercialización, pasando pola transformación do peixe e o chamado sector auxiliar composto pola construción naval, metalurxia aplicada, estampación, rede de frío, etc.) na Galicia de anteguerra.

Novas relacións de produción, condicións de vida e conflitividade

Pódese dicir que o tránsito do modo de produción artesanal a un capitalismo pesqueiro máis ou menos desenvolvido, foi visíbel en moitas vilas costeiras en torno á Iª Guerra Mundial. Ao igual do que acontecera entre séculos, primeiro en Vigo e logo na Coruña, agora Marín, Cangas, Moaña, Bueu, Baiona, A Guarda, Cariño, Celeiro ou Ribeira albiscaban como os tripulantes das lanchas do xeito, dos botes, dos volanteiros, dos traíñóns, dos barlotes, etc., eran absorbidos polas traíñeiras, primeiro, e polos vapores e motoras, despois. Naquelas vilas, as xentes de mar decatábanse tamén como a pesca cos vellos xeitos, volantas, xábegas e rascos, era substituída de vez polas capturas masivas dos cercos xaretas, nas súas dúas modalidades de pesca ao “caldeo” en pleno día ou á “ardora” na escurada, dos palangres de fondo e do arrastre co bou (en inglés “trawler”) ou en parella.

Dende aquela, nas novas embarcacións os tripulantes aturaron unhas relacións laborais ben arredadas do paternalismo máis ou menos igualitario propio do Antigo Réxime³. Polo de pronto, moitos dos armadores que concentraban dotacións de 30 ou 40 homes nos seus vapores e motoras, deixaron de ir ao mar, ficando escindido o colectivo pesqueiro. Así mesmo, os labores da pesca intensiva fixéronse, se cadra, máis penosos nas, a partir de agora, delongadas estancias no mar, posto que non había correspondencia entre as grandes dimensións dos novos aparellos e o maior volume de peixe capturado, coa cativa potencia dos primeiros dispositivos mecánicos de virada. Entón, a única solución era ter máis brazos a bordo, agravando as condicións de habitabilidade xa espartanas de seu dos vaporciños e motoras que, xa daquela, se construían pensando máis no peixe capturado que nos tripulantes. Velaí a visión dos mariñeiros anarcosindicalistas coruñeses, integrados andando o ano 1918 na sociedade “*El Despertar Marítimo*”, de longa traxectoria:

“Hay que recabar medidas higiénicas para evitar que vayan 18 personas en ranchos en los que apenas si caben 6. Hay que conseguir que estos ranchos

3 Nun interesante traballo, Xan Carmona ten demostrado o progresivo desenvolvemento do antagonismo social na pesca tradicional en Galicia, antes mesmo da chegada dos fomentadores cataláns (CARMONA, X. (1998): 216-226).

estén ventilados. Deben darse lavabos a los maquinistas. Que se les pongan mesas para comer y no tengan que hacerlo sobre las escotillas”.⁴

Outra mostra das mudanzas en cuestión, está na evolución do ratio tripulantes/barco. Mentres no ano 1873 a dotación media dunha embarcación era de 3 tripulantes, en 1932 xa era preciso diferenciar a flota movida a propulsión mecánica da de remo e vela: no primeiro caso, a tripulación media era de 17 mariñeiros (no porto de Vigo, superábanse os 20), e no segundo pouco máis de dous⁵.

Por último, nalgúns barcos a maneira de retribuír tamén mudou: nos “trawlers” e nas parellas de arrastre (tamén nalgunhas tarrafas do Cantábrico), introduciuse a comezos do século XX o pago a xornal, ben diferenciado entre os simples mariñeiros, o persoal de máquina e os patróns de pesca (estes, tamén recibían adoito unha porcentaxe das capturas) e de cabotaxe. Pola contra, as vellas retribucións a xornal e a contrata pola tempada de pesca propias da arte da xábega, un aparello en retroceso en boa medida asociado aos fomentadores cataláns, ou dos trañóns no litoral lucense, foron desaparecendo conforme avanzaba o século XX, sendo substituídas polas “partillas”. No resto dos oficios, sen embargo, persistiu o tradicional reparto en “quiñóns”, se ben agora maquinistas e fogueiros dos vapores do palangre foron retribuídos dun xeito mixto, e nas motoras e vapores da sardiña a porcentaxe a percibir foi tanto máis favorábel ao armador, conforme o capital investido na embarcación e nos aparellos fose maior⁶.

4 Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Exp.3, Sociedad “*El Despertar Marítimo*”, Legaxo 2452, “Serie Gobierno Civil. Asociaciones profesionales, sindicatos y partidos políticos”, Acta da reunión celebrada o 9/1/1918.

5 MINISTERIO DE INDUSTRIA Y COMERCIO (1933); DE SALAS, F.J. e GARCÍA SOLÁ, F. (1876).

6 Deste xeito, o armador participaba en maior medida nas “partillas” conforme o seu barco fose máis grande. Entre outros moitos exemplos, podemos citar o caso de Moaña durante a IIª República; naquela vila ribeirán, logo dunha longa xeira combativa da xente de mar, agrupada historicamente nas diversas sociedades mariñeiras artelladas dende 1902, as “partillas” eran das máis favorables aos tripulantes de todos os portos sardiñeiros das Rías Baixas. Eis:

- motoras pequenas do “caldeo” (sen cabina e cun máximo de 30 tripulantes): reparto da metade do produto neto (produto bruto ou “monte maior” menos os gastos) da pesca para o armador e a outra metade para os mariñeiros dividida en “quiñóns”.
- barcos grandes do “caldeo” e da “ardora” (con cabina e 30-40 tripulantes): produto neto da pesca a distribuír en 25 partes para o armador e 20 partes para os tripulantes.
- barcos que traballaban en augas portuguesas (os máis grandes, con 22 metros de eslora ou máis): produto neto da pesca a distribuír en 28 partes para o armador e 20 partes para os tripulantes.

Sobre a retribución dos mariñeiros, pódese consultar RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B. (1916); GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1996); PEREIRA, D.(2005).

Desprotección do mariñeiro (1864-1895)

A desaparición forzosa dos Gremios de Mar e as antigas “Cofradías” de pescadores de carácter relixioso, certificada a partir da Real Orden de 11 de xuño de 1864⁷ e con eles a súa función benéfica, de socorros, e mesmo de ordenación dos recursos, consolidou en Galicia unha progresiva diminución da capacidade asociativa no mar e un paralelo deterioro das condicións de vida e de traballo dos mariñeiros. Ao abeiro do Decreto devandito, persistiron no noso litoral, ademais de diversos agrupamentos para as faenas da pesca, algúns Gremios reformados, caso dos de Mareantes de Pontevedra e o Berbés, ou os de Mar no Porto do Son, Ares e A Guarda, que cumprían unhas mínimas tarefas benéficas tal que sufragar enterros e atender aos doentes, máis que nada.

Voces procedentes da Igrexa Católica denunciaron a referida situación de indefensión dos pescadores, criticaron a desfeita dos Gremios sen antes reformalos salvando algún dos seus servizos, e alentaron a constitución de asociacións profesionais para o socorro dos mariñeiros desamparados. Ese foi o caso da “*Sociedad Marítima de Socorros Mutuos*” del Berbés-Vigo, creada en 1878 baixo a inspiración do clero e das autoridades marítimas. Tamén o Bispo da Diocese de Tui “profundamente conmovido con la narración de los naufragios y otros siniestros marítimos acaecidos poco tiempo há en nuestras costas”⁸, artellou en 1886 unha asociación para, por medio de párrocos e cóengos, encanar a caridade para con as familias dos náufragos.

Outros intelectuais galegos vinculados ao catolicismo social, como Joaquín Díaz de Rábago ou Alfredo Brañas, compartiron a mesma postura da xerarquía católica e alentaron asociacións de pescadores que recollesen a tripla faciana mutualista, cooperativa e de crédito⁹, recuperando algunhas das funcións das antigas corporacións. Brañas, saudoso dos vellos Gremios, constituiu en 1894 na vila de

7 Segundo o seu artigo 8º, “Los matriculados quedan como todos los españoles en plena libertad para continuar asociados particularmente o para asociarse de nuevo con el fin que tuvieren convenientes, sujetándose a lo que determinen las leyes”. O desmantelamento dos Gremios de Mareantes, culminouse coa lei de 22 de marzo de 1873, que suprimía a Matrícula de Mar e consagrou de xeito definitivo o libre exercicio das industrias marítimas no litoral do Estado español, dando fin a un proceso iniciado no século anterior tras a entrada en vigor das “Ordenanzas Generales de la Armada” no ano 1748. Ver LÓPEZ LOSA, E. (2003): 11-50. No País Vasco e Santander continuaron a existir, reconvertidas en torno a funcións cooperativas, mutualistas e de regulación da venda do peixe, diversas “Cofradías” de Pescadores e Mareantes. Segundo Benigno Rodríguez Santamaría, na alborada do século XX estes colectivos vivían unha crise terminal, endebedados e incapaces de cumprir os seus obxectivos mutualistas (RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B. (1916).

8 *La Concordia*, Vigo, 29/5/1886.

9 DÍAZ DE RÁBAGO, J. (1885).

Cambados a “*Asociación Cambadesa de Marineros*”, baixo a advocación da Divina Pastora. Esta entidade, pioneira do asociacionismo mixto¹⁰ na beiramar de Galicia, nacía en principio para tentar suplir as necesidades de asistencia médica e socorro ás viúvas en caso de morte, que ninguén atendía. E debeu ser bastante celebrada no seu tempo porque ata foi incluída no Dicionario Espasa, onde se sinalaba que despois de dous anos de andaina, a Asociación tiña 3.500 pesetas en caixa “después de satisfechas todas sus obligaciones”. Aínda que outros, caso dos redactores do xornal pontevedrés “*Unión Republicana*”, alertaban da inequívoca influencia clerical e opinaban con retranca que o colectivo máis ben debería chamarse “La Funeraria”, xa que o seu obxecto principal non era outro que “dar velas para el velatorio y entierro de los que mueran y una cantidad para pagar sacerdotes que asistan a los funerales”¹¹. O irreverente periódico, remataba aconsellando ao novo colectivo de se preocupar máis dos vivos que dos mortos.

A agrupación arousá vía a luz, é verdade, nun universo pesqueiro artesanal caracterizado polo seu fondo tradicionalismo e relixiosidade, onde os mariñeiros de Santo Tomé de Cambados aínda se descubrían á altura da Torre de San Sadurniño, acolléndose á Virxe das Angustias cando ían ao mar... De calquera maneira, Brañas foi quen de acadar que os patróns máis recoñecidos daquela vila mariñeira participasen no colectivo e, malia o esmorecemento progresivo do devandito logo da morte do seu inspirador, aínda se puido albiscar por última vez o seu pendón, con bandeira galega incluída, na festividade da Pastora do ano 1910¹². Aos exemplos anteditos, sumados a algunha experiencia mutualista en Cangas e nos arrabaldes de Vigo (Bouzas, Alcabre, Coia), redúcense as realizacións daquel primixenio asociacionismo mixto de matiz confesional, que no devalo do século XIX tiña pretensión de pechar as portas ao sindicalismo de clase no mundo do mar.

Auxe do asociacionismo mixto. Xénese das Sociedades de Resistencia na pesca (1895-1910)

A introdución e desenvolvemento do capitalismo pesqueiro nos portos de Vigo, Coruña e, timidamente, no de Marín, achanzou, na década dos 90 do século XIX, o camiño para a xénese das primeiras sociedades de resistencia na pesca. En 1899, ao mesmo tempo que se produce unha folga por diverxencias en torno ás bases de traballo, os tripulantes dos vapores palangreiros con base no peirao do Berbés

10 Ou sexa, composto quer por pequenos armadores, quer por mariñeiros, aínda que neste caso habería que engadir tamén aos cregos.

11 “*Unión Republicana*”, Pontevedra, 7/9/1894.

12 PEREIRA, D. (1998).

constitúen a súa “*Sociedad de Marineros-Pescadores*”, fedéрана na organización obreira local de carácter socialista, e animan aos mariñeiros das traíñeiras e mesmo aos que ían á arte do xeito a integrarse nela¹³. Aos poucos, se constituirán a “*Sociedad de Maquinistas y Fogoneros El Vapor*”, tamén no Berbés, e a “*Sociedad de Obreros Pescadores*” de Bouzas, en estreita relación coas agrupacións proletarias olívicas; axiña, as devanditas espallan a súa influencia ao persoal enrolado nos vapores sardiñeiros de Marín que, en outono do ano en cuestión, constitúe a súa “*Sociedad de Marineros Pescadores*”, limitada aos tripulantes das embarcacións de propulsión mecánica que empregaban os aparellos do cerco xareta, e decote integrada na “*Federación Local de Trabajadores*” orientada pola militancia socialista marinense¹⁴.

Paralelamente, a organización da Patronal fai a súa aparición en xullo daquele ano, data de constitución da “*Sociedad Marítima de la Villa de Bouzas*”, máis coñecida como *La Marítima*, integrada no seu futuro devalar, primeiro polos armadores dos vapores palangreiros e, algo máis tarde, polos propietarios das parellas de arrastre daquele porto, moitos deles antigos patróns dos faluchos armados con vela latina que, a fins do século XIX, faenaban no alto na procura da pescada cos palangres de superficie e, polo tanto, estaban ben curtidos nos traballos do mar. Esta sociedade, de andaina moi delongada, tivo unha influencia social que superou a súa propia función de clase na antiga vila de Bouzas, cuxo Concello vaise integrar en Vigo no ano 1904 a instancias das parroquias de Matamá e Coia e coa oposición da poboación mariñeira, representando a perpetuación e a defensa dos sinais de identidade vencellados ás actividades marítimas daquela poboación¹⁵.

Correndo 1902, os traballadores das traíñeiras con base no porto da Coruña, responderon á organización dos patróns-armadores nunha asociación denominada “*El Progreso*”, artellando unha sociedade de resistencia titulada “*La Humanidad Libre*”; daquela, intégrana na “*Federación Local Obrera*” (FLO) de inspiración libertaria e, acto seguido, esixen o descanso semanal enfrontándose aos armadores e ao potente republicanismo local¹⁶, como limiar dunha intensa xeira conflitiva da que se farán eco os boletíns do “*Instituto de Reformas Sociales*” correspondentes aos anos 1904, 1905 e 1906. Neste último ano, precisamente, os tripulantes asalariados dos bous de arrastre herculinos que se asociaran en número de 400 na “*Unión Marítima*”, tamén integrada na “*FLO*”, presentan aos armadores as reivindicacións de incremento dos xornais, descanso dominical e recoñecemento da agrupación e, diante da negativa da Patronal armadora, manteñen unha durísima loita, con-

13 GIRÁLDEZ RIVERA, J. (1984).

14 MANÁ, O. (1994).

15 COLECTIVO XERMINAL (1990): 139-312.

16 “*El Combate*”, Coruña, 28/9/1902.

tando coa axuda do colectivo portuario coruñés¹⁷. Pouco despois, no ano 1908, constituíase no mesmo porto de A Coruña outro colectivo, a “*Sociedad de Fogoneros y Similares “La Aurora”*”, ratificando tamén no mar a tendencia ao asociacionismo de oficio predominante no obreirismo terreo.

Neste período vaise producir unha das confrontacións que máis influirán na traxectoria do asociacionismo mariñeiro na nosa beiramar: estamos a falar da “guerra das traíñas”, desenvolvida entre 1897 e 1905 como consecuencia da introdución dos cercos xaretas, empregados dende as veloces traíñeiras chegadas dende o Cantábrico. Na derradeira quincena do século XIX, comezaron a se utilizar o aparello do cerco xareta e a traíñeira, primeiro polas Rías do Norte e despois, a partir dos anos noventa daquela centuria, polas Rías Baixas. Esta nova técnica de pesca, viña apadriñada polos fabricantes de conservas, exportadores de peixe en fresco e salgazoneiros, xa que era moito máis intensiva que as artes sardiñeiras en activo naquela altura (xeito, xábega, cedazo, traíñóns e boliches): nun lance podían tomar máis de 50 cestas de 100 kgs., cando un xeito dificilmente chegaba ás 8. Ademais, as capturas da nova arte eran moito máis regulares que as do xeito e as das xábegas, empregando, proporcionalmente, moita menos xente. Nun intre de grande expansión da industria conserveira, conviña a esta garantir, no posíbel, un subministro de sardiña abundante, estábel, e a baixo prezo. E, precisamente, esta depreciación situaba aos xeiteiros a piques da ruína, xa que non tiñan nin de lonxe a capacidade produtiva das traíñas.

Diante das presións dos fabricantes da Ría de Vigo, que chegaron a boicotear a sardiña dos xeitos, os tripulantes que empregaban a arte devandita comezaron a se organizar: segundo o rexistro de asociacións do Goberno Civil de Pontevedra, entre 1899 e 1902 constituíronse tan só naquela provincia 42 sociedades mariñeiras (incluídas 5 de clase e 1 patronal), entre elas as de Cangas, Teis, Moaña, Marín (os xeiteiros conformaron unha sociedade distinta da dos mariñeiros dos vapores), Baiona, Panxón, Aldán, Meira, Bueu, Vilaxoán, A Illa, Vilanova, O Grove, etc. Tamén Ribeira, Fisterra, Cabo de Cruz, Palmeira, Porto do Son..., no Sur da beiramar coruñesa, coñeceron ao abeiro daquel contencioso a súa organización mariñeira primixenia que, como a dos portos das Rías Baixas, maioritariamente adoitaba ter un carácter mixto e unha finalidade mutualista, instrutiva e de “melloramento da clase pescadora”, sen facer distingo ningún.

Retornando á “guerra das traíñas”, no verán do primeiro ano do século XX e nun ambiente a cada máis crispado, catro mil barcos do xeito e máis de 20.000 manifestantes pedían en Vilagarcía a intervención do Goberno no seu favor. Non obstante, e malia os sucesivos decretos contrarios ás actividades das traíñas no in-

17 BREY, G. (1990).

terior das rías, os intereses dos máis de cen fabricantes da Ría de Arousa favorecían a penetración da sardiña barata dos traiñeiros das Rías de Vigo e Pontevedra, en prexuízo da máis cara dos xeiteiros da Arousa, onde, por certo, escaseaba bastante.

Con este panorama, a desesperación, e con ela a violencia dos pescadores arousáns chegou ao seu cumio: no outono de 1901, os xeiteiros de Vilaxoán, Ribeira, Corrubedo e A Pobra, impediron pola forza a entrada da sardiña viguesa nas fábricas da Ría, e pouco tempo despois comezaron a producirse abordaxes aos galeóns dos compradores que a transportaban. Os xeiteiros agardaban aos balandros agachados tras Ons, abordábanos, mallaban nas tripulacións, e guindaban a sardiña ao mar. Así, no outono de 1902 tivo lugar unha verdadeira batalla naval nas augas daquelas illas, entre centenaes de xeiteiros e unha flota de galeóns das fábricas; poucos días despois o Goberno Civil disolvía a “*Sociedad de Marineros Pescadores*” de Ribeira, e os tripulantes de 17 dornas de O Grove foron detidos, acusados de participaren nos incidentes¹⁸.

As liortas continuaron durante algún tempo e con elas as acusacións aos traiñeiros de impedir a entrada da sardiña nas rías. Porén, a introdución das xaretas na Ría de Arousa era un feito entre 1904 e 1908, cinco ou seis anos máis tarde que na Ría de Vigo. A tensión rebaixouse tamén pola entrada de peixe na Ría a partir de 1903, e a suba dos prezos, froito da expansión da industria conserveira, permitiu subsistir a un bó número de xeiteiros. De feito, no ano 1907 aínda faenaban na Arousa máis de 6.000 xeitos, o 80% de toda Galicia, e o emprego dos cercos de xareta, aínda que importante, era de menor entidade que nas Rías do Sur.

En suma, a conflitividade desatada en todo o litoral entre xeiteiros e cerqueiros, levou de seu en moitos portos a necesidade da organización mariñeira para defender o oficio do xeito.

Extensión do sindicalismo mariñeiro de clase (1910-30)

En torno á Iª Guerra Mundial, o espectacular desenvolvemento da flota de arrastre en parella nos portos de Bouzas e Marín, sumado á introdución dos motores de explosión que posibilitaban a persecución da sardiña volandeira ate as augas portuguesas onde se concentraba, mudaron as relacións laborais na maioría das vilas mariñeiras das Rías Baixas e posibilitaron a implantación do sindicalismo de clase en moitos daqueles peiraos. Así, entre 1913 e 1920, vaise producir entre os tripulantes de vapores e motoras que tiñan a súa base naqueles portos unha notoria axitación, que comeza no albor da Grande Guerra primeiro coa constitución

18 PEREIRA, D. (1998).

(1914) das respectivas “*Alianzas Marineras*” de Marín, Cangas (presidida polo canteiro socialista Lorenzo Corbacho Rodal, sen dúbida o líder obreiro máis coñecido no Morrazo neste período) e Pontevedra e, un chisco máis adiante, de “*El Adelanto Marino*” de Bueu (1917) e “*La Alianza Marinera*” de Moaña xunto coa de Chapela (1919); todas elas, estarán en maior ou menor medida na órbita da UGT dende o comezo da súa traxectoria que, no caso de Cangas, provocará ás poucas semanas a conformación da primeira Patronal pesqueira organizada na vila, presidida polo armador Manuel Moldes Iglesias: “*El Progreso Pesquero. Propietarios de vapores de pesca del puerto de Cangas*”, que estará durante toda a súa andaina moi achegada a “*La Marítima*” de Bouzas¹⁹.

É importante sinalar, que, seguindo o modelo da de Cangas, os regulamentos das “*Alianzas*” permitían non só a pertenza de pequenos armadores, senón que os cargos das xuntas directivas puidesen ser cubertos por persoas non “matriculadas” nos oficios do mar, “por razones de conveniencia de la organización”; de feito, en Cangas a “*Alianza Marinera*”, foi presidida en múltiples ocasións por activistas “terreos”, caso do propio Corbacho (canteiro, malia que estivera embarcado un tempo), Bernardino González Paz (republicano, en 1916), o antigo tipógrafo e axitador agrario Eusebio Alonso (1917), o ferroviario socialista José Gómez Ossorio (secretario en 1919), o mestre republicano-socialista José Viñas del Monte (1922 e 1923), etc.²⁰.

Coincidindo cos “anos vermellos” que circunscibiron á Revolución Rusa, as reivindicacións de incremento das dotacións, xornais e “partillas”, retribución das tarefas de terra, etc., defendidas a comezos de século nos grandes portos de Vigo e Coruña, vanse a estender así mesmo ao Morrazo provocando unha intensa conflictividade nas rúas de Marín e Cangas, máis que nada entre os mariñeiros que cobraban ben a xornal (no primeiro porto), ben coas “partillas” (no segundo). Neste contexto, aparece en 1914 a efémera “*Federación de Marineros del Morrazo*”, decote substituída por unha cobizosa “*Federación Regional de Obreros de la Industria Pesquera de Galicia*”, que integraba sociedades de mariñeiros, maquinistas e patróns de cabotaxe e cuxa secretaría radicou en Marín. Alentada por militantes socialistas, a Federación foi un primeiro xermolo de coordinación do sindicalismo de clase no mar, tentando intervir quer no control dos aparellos depredadores, quer na teima por erradicar a dinamita nas faenas pesqueiras²¹.

19 SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005).

20 SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005). En Vigo acontecía outro tanto, pois correndo o ano 1916 a secretaría da “*Sociedad de Marineros-Pescadores*” estaba ocupada polo militante socialista Ramón González Brunet, cuxa profesión era funcionario municipal.

21 PEREIRA, D. (2010).

Non é posíbel dar conta eiquí da enxurrada de confrontacións mariñeiras acontecidas no período comprendido entre 1914 e 1919 en Vigo, Bouzas, Coruña, Malpica, Ribeira, Bueu, Cangas ou Marín, nun contexto de crise pesqueira alentada polas periódicas fallas da sardiña e polos efectos da contenda mundial, pero podemos concluír que á altura de 1920, e cunha poboación maioritariamente empregada na pesca tradicional, o asociacionismo mariñeiro de clase, aínda minoritario, tense espallado polo litoral colindante aos seus núcleos primixenios, Vigo, Coruña e Marín, afortalando numérica e organizativamente estes e experimentando asemade con novas fórmulas federativas.

Prodúcese, ademáis, un proceso de atracción das sociedades mariñeiras mixtas, alí onde a transformación pesqueira se leva a cabo neste tempo. Cangas, Moaña, Bueu, Teis ou Chapela, son exemplos nos que a presenza de pequenos armadores e patróns nas sociedades non impide que as súas reivindicacións sexan progresivamente de carácter proletario. Ademais a alianza entre sociedades mariñeiras, obreiras, xunto cos agrarios influenciados pola conxunción republicano-socialista, deu espectaculares resultados no Morrazo, acadando en 1920 a alcaldía en Cangas e, dous anos máis tarde, tamén en Moaña²².

Os Pósitos Pescadores, unha proposta conciliadora

Na outra beira, os armadores de vapores e motoras, as autoridades, a Igrexa e algúns propagandistas defensores da propiedade privada dos medios de produción e dun capitalismo pesqueiro máis ou menos humanizado, fitaban receos a extensión do societarismo clasista. Daquela, procuraron debilitar as sociedades de oficio no mar, alentando divisións, presionando sobre aqueles cuxo “status” fose diverso ao do mariñeiro (patróns, maquinistas e fogueiros), ou mesmo sobre os pequenos patróns-armadores que estaban nas sociedades de resistencia, para que se integraran nas respectivas patronais ou cando menos constituísen novas sociedades dirixidas por elementos “de orde”, que pretenderan harmonizar capital e traballo.

A devandita conflictividade que durante o período 1914-1920 viviron as Rías de Vigo e Pontevedra, deu ocasión para pór en práctica a teima divisionista da Patronal, aproveitando o propio desgaste das loitas: velaí a aparición de sociedades mariñeiras “amarelas” ou baixo o influxo dos armadores en Marín (1915)²³, Cangas (1915 e 1919) e Bueu (1919).

22 SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005); PEREIRA, D. (1992).

23 *Marín*, Semanario Independiente, 22/8/1915.

Noutras ocasións, diante da inexistencia de asociacións de clase nos portos (caso, por exemplo, do Cantábrico galego²⁴) ou aproveitando momentáneas fraquezas, enchíase o baleiro con idéntico propósito de cortarlles o paso, cumpríndose con eficacia diversa os principios mutuais ou cooperativos das novas asociacións. Como exemplos, pódense citar a “*Asociación de Marineros Pescadores de Viveiro*”, alentada por persoeiros conservadores da vila, a “*Sociedad de Socorros Mutuos*” de San Cibrao e a súa homónima de Foz, ou os confesionais “*Sindicato Católico de Marineros*” de Cangas (1920) e o “*Sindicato Católico de Trabajadores del Mar*” de Bouzas (1920). Seica a orixe deste último estivo na “*Sociedad Patronal y Montepío de Obreros del Mar*”, creada en 1919 polo destacado armador Paulino Iglesias; o carácter paternalista e relixioso desta sociedade estaban axeitadamente reflectidos no Artigo 1º do seu Regulamento, onde, referíndose aos mariñeiros, ofertaba:

“Esta Sociedad inspirándose en un acendrado amor cristiano, y tomando por norma la realización de altos fines sociales, se propone, por medio de instituciones adecuadas, que en ella se inscriban, proporcionándoles, a la vez que trabajo lucrativo otras ventajas más, que implican una verdadera y bien entendida participación, que en sus unidades concede el capital al trabajo en aras de la fraternidad que debe unirles”.²⁵

A cativa relevancia destas tentativas deixou paso ao artellamento dos “*Pósitos Pescadores*”. Inspirados nas vellas Confrarías de Pescadores do Antigo Réxime e nos Pósitos Agrícolas casteláns, defíníanse como asociacións cooperativas sen distinción entre armadores e mariñeiros que, co apoio estatal, arelaban a mellora das condicións de vida do colectivo da pesca mediante o establecemento de socorros e seguros (enfermidade, asistencia médica, vellez, morte, paro, perda de embarcacións e aparellos), a mellora de infraestruturas e a extensión cultural entre os asociados e os seus fillos. Ademais, tiñan como obxectivo senlleiro a explotación directa da actividade pesqueira por parte dos seus protagonistas, en solitario ou en cooperativa, implementando liñas de crédito barato para a construción e o acceso á propiedade dos barcos, para a adopción de novas técnicas e para a compra de equipamentos e subministros por xunto, en cooperativa. Propagaban, tamén, a necesidade de que os mariñeiros controlasen en Lonxa a venda das capturas, prescindindo de intermediarios e aloitando a prol de mellores prezos para o peixe, quer para o produtor, quer para o consumidor. Por último, incorporaban como socias, se ben con “derechos limitados” e cun aquel paternalista, ás mulle-

24 PERNAS OROZA, H. (2001).

25 “*Reglamento de la Sociedad Patronal y Montepío de Obreros del Mar*”, presentado no Goberno Civil de Pontevedra o 17/12/1919; arquivo privado.

res dos mariñeiros que, como máximo, podían acadar dúas representantes nas xuntas de goberno²⁶.

Velaí, como exemplo, o Artigo 1º do regulamento do “*Pósito Marítimo Terrestre*” de Muxía:

“El Pósito Marítimo Terrestre de la Villa de Mugía, es una asociación cooperativa de pescadores, gente de mar y sus derivados y persigue como fin primordial, la cultura de sus asociados, tanto en la parte elemental como en la profesional a que se dedican, estableciendo como normas las siguientes:

- a. Procurar por todos los medios legales que sean posibles, la construcción de un muelle o malecón donde puedan ser resguardadas de los temporales las embarcaciones, solicitando para ello de los poderes públicos la realización de tan importante obra y en el caso de no poder conseguirlo, reunir fondos para ejecutarla por cuenta de este Pósito.
- b. Establecer el socorro mutuo entre sus asociados para caso de enfermedad, falta de trabajo y malos tiempos.
- c. Constituir una representación social que aporte datos y conocimientos sobre orden nacional e internacional referente a asuntos de pesca por ser la principal fuente de riqueza de esta localidad.
- d. La adquisición de embarcaciones de pesca, aparejos y demás artefactos necesarios para el desarrollo de esta industria”.²⁷

Os Pósitos estaban financiados, ademais das cotas dos socios e unha porcentaxe fixa por barco dos ingresos obtidos pola venda das capturas, polos créditos e subvencións procedentes da “Caja Central de Crédito Marítimo” (que na República mudaría en “Instituto Social de la Marina”, ISM), dependente do Ministerio de Mariña, a través da cal facíase efectivo o intervencionismo estatal. A composición dos seus órganos representativos (Cabido, Xunta, Seccións diversas...) era paritaria, adoptando un talante corporativo²⁸, moderado e submiso ás autoridades gobernativas, que procuraba conciliar os intereses de armadores e mariñeiros, afastando a estes das organizacións de clase.

26 ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): 3-26; MINISTERIO DE MARINA (1917). Un Regulamento-tipo dos Pósitos foi publicado no número do *Boletín de Pesca* editado polo Ministerio de Marina e correspondente a novembro de 1917.

27 Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Regulamento do “*Pósito Marítimo Terrestre*” de Muxía, Legaxo 2699, Fondo Goberno Civil A Coruña, Mazo Muros-Mugardos-Muxía.

28 Seguindo a Miguel Ángel Perfecto, entendemos o corporativismo como “el pensamiento social que pone el acento en la estructuración de la sociedad a través de los denominados «cuerpos intermedios». Estes non son outros que a familia, o municipio e as corporacións profesionais interclasistas, en torno aos cais se organizaría unha sociedade xerarquizada. PERFECTO, M. A. (2006): 185-218.

A súa constitución correu a cargo, maiormente, das autoridades de Mariña e das “forzas vivas” dominantes nas diversas localidades costeiras, malia o seu pretendido carácter “apolítico”. De feito, ao seu principal propagandista, o capitán de corbeta e representante da “Dirección de Navegación y Pesca Marítima” Alfredo Saralegui Casellas²⁹, de orixe ferrolá, xuntáronselle numerosos funcionarios das Axudantías, párrocos, fabricantes, armadores, xornalistas, médicos, membros de profesións liberais vencellados ao asociacionismo profesional, e, mesmo, agrarios próximos ao lerrouxismo, caso dos irmáns Juan e Ramón Salgado, dabondo coñecidos na provincia de Pontevedra. A pesares da estrutura e a práctica corporativa dos Pósitos, Saralegui mantivo nun primeiro intre unha postura ambigua cara ás sociedades de resistencia, algo visible nas conclusións da Sección Social do Congreso Nacional de Pesca Marítima celebrado en Madrid en novembro de 1918, nas que se admitía a compatibilidade dos sindicatos obreiros, as cooperativas de carácter mutualista e os propios Pósitos; na súa redacción participou de xeito determinante Saralegui.

O referido caso de Muxía pode ser un paradigma nos pasos a dar para constituír un “Pósito de Pescadores”. Así, con data do 23 de abril de 1929 e “convocados por el Ayudante del Puerto de Camariñas, José Bedoya Pérez”, reuníronse o Alcalde Gervasio Varela Toba, o médico titular Alejandro Abella Lema, o párroco Manuel Eirín Cadavid, o comerciante José Agrelo Puertas, o farmacéutico e “demás personas de significación de esta localidad y gran número de pescadores, con objeto de formalizar la sociedad”. Unha vez aprobados os Estatutos e nomeados os membros da “Junta Inspectorá”, que recaeron nos devanditos persoeiros presididos polo Axudante de Porto, procedeuse a:

“...elevar una solicitud al Excmo. Sr. Presidente de la Comisión de la Caja Central del Crédito Marítimo pidiendo subvención, y telegramas expresivos a los Excelentísimos Srs. Ministro de Marina, Director General de Navegación y Pesca y al Presidente de la Caja Central del Crédito Marítimo, y telegrafiar al Comandante de Marina anunciándole la constitución y pidiendo para el la protección de dichas superiores autoridades”³⁰.

29 Sobre a xénese teórica dos Pósitos, contra 1915, e a figura de Alfredo Saralegui, ver ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): 3-26; tamén os números do devandito *Boletín de Pesca* correspondentes a novembro de 1917 e 1918. Malia non ser este o obxectivo do noso traballo, diremos que durante a campaña levada a cabo por Saralegui no ano en cuestión, obtivo os importantes apoios do “*Instituto de Reformas Sociales*”, personalizado no seu Presidente Gunmersindo de Azcárate, do “*Instituto Español de Oceanografía*” dirixido polo intelectual republicano Odón de Buen (que incorporou a Saralegui como redactor técnico do susodito *Boletín*), de cualificados técnicos do Ministerio de Marina como Benigno Rodríguez Santamaría, así como dalgúns políticos da Restauración.

30 Ver ARG, Legaxo 2699, Fondo Gobierno Civil A Coruña. Mazo Muros-Mugardos-Muxía. O Pósito muxián contou inicialmente con 72 inscritos. No mesmo Legaxo a acta da xuntanza

Asemade, nunha zona marítima de trazos específicos como era o Cantábrico galego, a composición social dos fundadores tampouco variaba; así, nos casos de Burela, Foz e San Cibrao, nas asembleas de constitución dos respectivos Pósitos estivo unha conspícuo representación da mesocracia e das capas máis acomodadas das distintas localidades³¹.

A vila de Cambados, onde o conservadorismo imperante e a persistencia das relacións precapitalistas no mar non permitían unha presenza societaria que xa era notoria noutros portos das Rías Baixas, inaugurou o primeiro Pósito de todo o litoral do Estado español o 17 de Nadal de 1917, adiantándose en pouco tempo aos homónimos (e fuxidíos) de Teis e Cangas, que desaparecerían en breve, e aos de Vigo e Redondela. Daquela, cando Saralegui aínda non conseguira veiculizar as aportacións económicas do Estado mediante a “Caja Central de Crédito Marítimo” (que non funcionou de maneira efectiva ata 1919), os susoditos irmáns Salgado tiveron a habilidade de mesturar a defensa corporativa do colectivo mariñeiro, coa faciana caritativa da vella “*Asociación Cambadesa de Marineros*”, da que se proclamaron continuadores. Así, na primeira asemblea, diante dos seus case que 400 socios (300 homes, 65 mulleres e 28 rapaces en 1919) presentáronse como beneficios inmediatos, quer o control da venda do peixe polo propio Pósito, quer os 6.500 reais que aínda tiña aforrados a finada asociación creada por Alfredo Brañas³².

Nos anos inmediatos, unha vez madurados o seu cometido e a estrutura interna, acadada tamén a posta en funcionamento da “Caja Central de Crédito Marítimo”, os Pósitos espalláronse mediante o diñeiro público e o esforzo persoal do trinomio Saralegui/Benigno Rodríguez Santamaría/Odón De Buen, inicialmente polo litoral mediterráneo e polas Rías de Arousa (A Pobra, 1918; Carril, Rianxo, Vilaxoán, 1919) e Muros-Noia (Muros, 1918; O Son, 1919; Esteiro e Lira, 1921), aproveitando o tecido social dependente dunha maioritaria pesca artesanal de base familiar e afastado do societarismo combativo. Máis tarde, xa entrada a década dos 20, estendéronse polas Rías de Vigo (Aldán, Moaña, Cangas, Baiona e Bouzas, 1921), Pontevedra (Estribela-Marín, 1923; Bueu, 1924), Rías do Nor-

de constitución do Pósito de Mugarodos (1922), amosa unha composición social dos promotores moi semellante, presidindo o Comandante de Mariña, o Alcalde, o médico....Canto ao de Esteiro (1921), tivo como primeiro presidente ao principal industrial conserveiro do lugar, José Portals y Portals, mentres que en Bueu (1924) e Aldán (1926) os Pósitos locais estaban presididos no tempo inmediato á República polos coñecidos industriais conserveiros, Tomás e Luís Bolívar Massó, respectivamente. No que atinxe ao Pósito de Cangas, un dos seus primeiros impulsores foi o armador Manuel Moldes Iglesias, relacionado coa primeira patronal pesqueira da vila; ademais, o seu Regulamento datado en 1921 está asinado integramente por armadores, fabricantes ou patróns das motoras. Respecto a Cangas e Aldán, ver SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005).

31 PERNAS OROZA, H. (2001).

32 PEREIRA, D. (1998).

te (Miño, Mugardos e Pontedeume, 1922; Cedeira e Cariño, 1923) e Cantábri-co galego (Burela, 1923; Foz, 1929), acadando un forte incremento nos anos da Ditadura de Primo de Rivera, ao aproveitar o clima de persecución que deberon soportar as sociedades mariñeiras de clase, dunha banda, e o bo acomodo dos Pó-sitos no modelo de corporativismo social que pretendeu implantar aquel réxime político, doutra³³.

De feito, no período ditatorial o propio Saralegui e os seus colaboradores re-forzaron o carácter corporativo das súas propostas organizativas, arrombando a súa ambigüidade inicial cara ás sociedades mariñeiras de clase e facendo fincapé na utilidade dos Pó-sitos para evitar a loita entre o traballo e o capital, sobre todo a que se desenvolvía no terreo da “acción directa”, conscientemente situada fora do control estatal. Daquela, o papel substitutivo dos Pó-sitos verbo das sociedades de resistencia naquel contexto proclive á restrición das liberdades públicas e dos dereitos sociais, ficaba claro nas declaracións de Rodolfo Viñas, considerado a man dereita de Alfredo Saralegui:

“...el peligro de una lucha social de este carácter ha desaparecido” pois “... los pescadores, que en los pasados años intentaron crear Sociedades de re-sistencia, se sienten hoy amparados en los Pó-sitos y van incorporándose a la vida activa del país, pidiendo puestos en los organismos sociales y económi-cos y solicitando que se les haga partícipes de los beneficios de la legislación obrera”.³⁴

Naquel ambiente de refluxo autoritario, mesmo algún acérrimo partidario do reformismo social liderado polo Estado mediante o labor dos Pó-sitos, caso do an-tecitado funcionario da “Caja Central de Crédito Marítimo” Benigno Rodríguez Santamaría, afondou un chisco máis na ideoloxía contraria á confrontación clasis-ta, defendendo medidas moi na liña das aplicadas polo flamante Estado corpora-tivo mussoliniano (dabondo popular naquela época nas capas mesocráticas hispa-nas) como a obrigatoriedade de afiliación aos mesmos. Así, Rodríguez Santamaría na súa por outro lado admirable obra descritiva “*Diccionario de las Artes de Pesca de España y sus Posesiones*”, editada andando o ano 1923, chega a afirmar:

33 ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): 3-26; SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005). Segundo o ideólogo do modelo de corporativismo social implementado pola Ditadura, Eduardo Aunós, o Estado Corporativo “partía de la idea de la estructuración del país como una orga-nización de ‘productores’ por parte de un Estado fuerte que armoniza intereses y controla todas las actividades humanas ‘desde las más espirituales hasta las más predominantemente manuales’”. Ver PERFECTO, M.A. (2006): 185-218. A afinidade das propostas de Saralegui con este modelo de intervencionismo gubernativo, conciliador dos intereses de clase en razón da autoridade do Estado, son evidentes.

34 VIÑAS ARCOS, R. (1930): “Los obreros del mar en España”, *Revista internacional del trabajo (infor-maciones sociales)*, 3: 230. Citado por ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): 3-26.

“...La autoridad de Marina en los puertos no puede, sin desatender obligaciones más perentorias, dedicarse enteramente al Pósito, y no quedan, a mi juicio, más que dos caminos para poder llevarlos a cabo con eficacia. El primero, imponiéndolos, como se imponen otras cosas -inscripciones marítimas, roles, etc.-, a las que se han acostumbrado los pescadores; en este caso los Pósitos serían obligatorios y nadie podría dedicarse a la pesca sin pertenecer a ellos. Aunque difícil, esto es factible; pero habría que variar la Ley de Asociaciones de 1887, por la que se rigen todas las de carácter civil en España, como son los actuales Pósitos...”³⁵

A devandita expansión dos Pósitos a costa do asociacionismo mixto tradicional (agora parcialmente “reconvertido” en Pósitos) ou das sociedades de resistencia preexistentes, non deixou de ter certos atrancos alí onde coincidían cunha destas últimas que non só rexeitaba a súa reciclaxe, senón que, en ocasións, opuña todas as trabas ao seu alcance para impedir a implantación dos seguidores de Saralegui, temendo que os afiliados aos Pósitos exercesen de rebentafolgas cando se lles presentase ocasión. Deste xeito, a campaña que en 1923 levou a cabo a “*Federación Local de Trabajadores*” de Marín, en consonancia coas “*Alianzas Marineras*” de Cangas e Moaña, contra da constitución dun Pósito en Estribela, tiña como transfondo a substitución tanto dos mariñeiros das parellas como as descargadoras de carbón, polos asociados e asociadas a aquel no intre dunha folga a prol do descanso dominical acontecida a comezos do ano en cuestión³⁶. Polas mesmas razóns, en Moaña, onde “*La Alianza Marinera*” refugara se converter en Pósito, os enfrontamentos entre os mariñeiros asociados no colectivo de clase e os membros do Pósito encabezados por un controvertido personaxe, José Costa Alonso, foron constantes até a Guerra Civil³⁷. Cabe dicir que no período da República, o Pósito moañés chegou a ter en torno a 600 afiliados, maiormente na pequena flota artesanal dos “oficios baixos” tal que trasmallos, betas, rapetas, boliches..., mentres que a “*Solidaridad Ma-*

35 RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B. (2000): XXIII. Descoñecemos se Rodríguez Santamaría tivo durante o período da Ditadura simpatías explícitas polo fascismo italiano (os eloxios cara o cooperativismo anglosaxón incluídos na obra devandita, semellan indicar a intención de compatibilizalo co corporativismo declarado dos Pósitos, entendido aquel como proposta superadora da “anómala” loita de clases), mais a súa visión autoritaria do devalar dos Pósitos, achégao obxectivamente nesta temática ao corporativismo estatal italiano, onde os pactos colectivos levábanse a cabo no interior das asociacións sindicais fascistas de obreiros e patróns, totalitarias, mediatizadas polo Estado e de afiliación obrigatoria. Nin que dicir ten que, naquel escenario de liberdades recortadas, de levarse a cabo as medidas preconizadas por Rodríguez Santamaría, estas determinarían a completa desaparición das sociedades de resistencia no mar e a persecución e clandestinidade absoluta dos seus militantes.

36 “*Galicia*”, Vigo, 28/2/1923, 4/3/1923, 6/3/1923 e 18/4/1923.

37 Ver ao respecto FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1999); GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M. e VILLAVARDE ROMÁN, X.C. (1999), así como as propias memorias de José Costa Alonso publicadas por COSTA ALONSO, J., RÚA COSTA, X.L., SANTOS CASTROVIEJO, I. (2000).

rinera/Fraternidad Marinera” (CNT) recrutou os seus 1.500 asociados nas motoras sardiñeiras.

Os Pósitos da beiramar galega, estiveron agrupados nunha “*Federación Gallega de Pósitos Marítimos*” creada en 1925 e domiciliada a partir de 1927 en Cangas, baixo a presidencia do carismático José Costa Alonso, “pescador de Moaña, católico, hombre de orden, bienquerido por la dictadura primoriverista, que acaba vistiendo el uniforme de Falange”³⁸. Costa tiña en Madrid, asemade, un posto de conselleiro, primeiro na “Caja Central de Crédito Marítimo” e logo no ISM, dependente do Ministerio de Trabajo durante a República, sempre baixo a presidencia de Alfredo Saralegui. Outros persoeiros que terán un importante papel na “*Federación Gallega de Pósitos Marítimos*”, serán o mestre aragonés vencellado á FETE-UGT Felipe Carnicer López, asesor do Pósito de Cangas e redactor do voceiro da “*Federación*” denominado “*Galicia Marítima*”, e o armador de Pontedeume Miguel Montero Leira, un dos alicerces da Patronal pesqueira local e, así mesmo, Presidente do Pósito eumés en diversas ocasións.

Os Pósitos, dende logo, ao representar en solitario os intereses da xente de mar nos portos pequenos captaron un bo número de mariñeiros da pesca artesanal e da baixura, pois o seu labor social aliviou un chisco a ruín condición na que se atopaban, estimulando unha meritoria obra de previsión social a través das súas Seccións, sinaladamente as de Socorros Mutuos (asistencia médica e farmacia, enfermidade, vellez, máis que nada) e a “Mutualidad de Accidentes de Mar y de Trabajo” implementada “de facto” baixo supervisión do ISM a partir de 1933, incorporando todas as embarcacións de pesca que ían “á parte”. Canto ao “Retiro Obligatorio”, compre sinalar o compromiso dos Pósitos coa expansión do seguro en cuestión entre os pescadores artesanais, compromiso manifestado na asemblea da “*Federación Gallega de Pósitos Marítimos*” celebrada no ano 1930 no Ferrol, na que se decidiu colaborar coa “Caja Regional Gallega de Previsión Social” e organizar actos pedagóxicos e informativos para espallar as pensións de vellez entre os pescadores. Tamén acadaron unhas poucas melloras na infraestrutura portuaria, caso do porto de refuxio de Burela ou o de Cariño, por exemplo. É de subliñar, así mesmo, a teima da “*Confederación Nacional de Pósitos*” contra da suba do prezo dos combustibles empregados polos barcos de pesca, e a prol da procura de créditos baratos para financiar a substitución dos motores de gasolina polos de gasoil, moito máis económicos³⁹.

Mais, por riba de todo, os Pósitos alentaron a faciana educativa e cultural nas súas Escolas e Bibliotecas, algunhas delas (como as de Cangas, Cambados ou Foz,

38 FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1999): 149-192.

39 Respecto do labor dos Pósitos na previsión social no ámbito marítimo, ver VILLAR RODRÍGUEZ, M. (2007): 173-197. No tocante ao control dos prezos dos combustibles, ver SANTOS CASTRO-VIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005).

dirixidas por Felipe Carnicer, Antonio Magariños e Manuel Salgado Toimil, respectivamente) modélicas na pedagogía do ensino profesional⁴⁰, polo que posteriormente (1928) foron denominadas “Escuelas Nacionales de Orientación Marítima”, en adiante baixo dependencia do Ministerio de Instrucción Pública republicano.

A IIª República

A inxuedanza ideolóxica propia do período republicano e o importante desenvolvemento do sindicalismo de clase no mar nese período, que tamén coñeceu unha forte conflictividade na industria pesqueira, fixeron efecto na moderada clientela dos Pósitos, que, daquela e no seu conxunto, se emprazarán nun terreo máis neutral respecto das loitas sociais e os detentadores dos medios de produción, algo que aconteceu tamén noutras zonas do litoral español, tal que a costa andaluza ou cantábrica⁴¹. En Catalunya, non obstante, as cousas se plantexaron de maneira distinta: o carácter pro-patronal e centralista dos Pósitos, foi contrarrestado dende a propia Generalitat que deu pulo á creación dun *Montepio d'Obrers Pescadors de Catalunya* de fasquía máis aberta, o que posibilitou unha boa relación cos sindicatos de pescadores federados na CNT durante a etapa republicana⁴².

Retornando a Galicia, a partir do primeiro bienio republicano acabou minorizándose o indiscutíbel influxo que sobre os Pósitos mantiña o monárquico e dereitista José Costa e os seus seguidores. O propio Costa, diante da importante participación nos Pósitos de persoas achegadas ao PSOE, á IR, ao PCE e á CNT, debeu entregar contra 1934 a Francisco Diz Viñas, de ideario socialista e representante do Pósito de A Illa de Arousa, a presidencia da “*Federación Gallega de Pósitos Marítimos*” para mitigar a campaña que na súa contra viñan mantendo un feixe de mestres das Escolas dos Pósitos de Esteiro, Cangas-Darbo, Cangas-Coiro, Portonovo, Vilaxoán, Cambados, Redondela, A Illa de Arousa e Bueu maiormente asociados á FETE-UGT⁴³, a carón dun grupo de Pósitos do Norte de Galicia con referentes progre-

40 Felipe Carnicer, por exemplo, tentou levar adiante unha “Escuela Profesional de Pesca”, antecedente da formación profesional no sector pesqueiro. Ver COSTA RICO, A. (1989).

41 Sobre esta evolución cara as esquerdas dos Pósitos en Andalucía, concretados nos de Málaga, Estepona e Fuengirola, ver MORALES MUÑOZ, M. (2001): 98-102. No caso do Cantábrico, é interesante o achegamento dos sindicatos de pescadores integrados na CNT en Gijón, Candás e Santoña aos Pósitos na derradeira etapa da República; ver “CNT AIT, F.N.I.P., Federación Cantábrica de la Industria Pesquera, Actas y Resoluciones del Congreso constitutivo celebrado en Santander los días 12 y 13 de Julio de 1936”, Internationaal Instituut vor Sociale Geschiedenis Amsterdam, CNT (España) Archives, 68B.4.

42 Para o acontecido en Roses (Girona), ver CÁRDABA, M. (2001): 497-541.

43 Entre eles os socialistas Luis de Saa (A Illa de Arousa) ou Antonio Magariños (Cambados); os comunistas Víctor Sánchez Mártel (Cangas-Coiro) e Jesús Souto (Cangas-Darbo); os repu-

sistas, nos que salientaban os de Miño⁴⁴, Pontedeume e Mugaridos, encabezado o derradeiro polo militante comunista retornado de Cuba, Juan Prieto Balsa⁴⁵.

No eido anarcosindicalista, amplamente maioritario no societarismo de clase no mar na Galiza, o que fora alicerce da “*Federación Regional Galaica de la Industria Pesquera y Derivados*”, José Villaverde, sabedor das mudanzas que se estaban a producir nos Pósitos neste período republicano, apostou xa en 1933 por reconverterlos en “centros de acción sindical”, divulgando a propaganda societaria no seu interior para transformalos en “células” confederais⁴⁶. Polo que coñecemos, esta estratexia deu resultado en distintos portos onde a CNT tiña importante implantación entre os mariñeiros, caso de Cambados, Malpica, Cangas, Vigo e Celeiro, pois nos dous primeiros sinalados militantes anarcosindicalistas, caso de Antonio Chaves e Bernardino Garrido, encabezaron os Pósitos locais e nos tres restantes a influencia confederal foi moi notoria⁴⁷. Ademais, temos razóns para pensar que, cando estoupa a Guerra Civil, a organización mariñeira confederal estaba a prol da incorporación dos Pósitos á CNT, se ben desvencellados dos Sindicatos, que velarían pola preservación da súa orientación exclusivamente mutualista e cooperativa, quer no eido da produción, quer no de consumo⁴⁸.

Conclusión

Como conclusión, os Pósitos substituíron (e reconverteron, en moitas ocasións) con vantaxe ao tradicional asociacionismo mixto, xa que asumirán as súas mesmas

blicanos Manuel Rey (Portonovo), Xosé Tobío (Esteiro) e os irmáns Jesús e Telmo Bernárdez (Redondela e Bueu, respectivamente).

44 O Pósito de Miño, vencellado en certa medida á Agrupación Socialista da localidade, representou un caso interesante en canto dinamizador sociocultural daquela localidade, pois contribuíu “decisivamente a conformar una ciudadanía activa y consciente de sus derechos”; ver AAVV. (2009): 26.

45 FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1999); COSTA ALONSO, J., RÚA COSTA, X.L., SANTOS CASTROVIEJO, I., (2000); AAVV. (2009).

46 Ver “CNT”, Madrid, 15/9/1933.

47 Para Cambados, ver PEREIRA, D. (1998); respecto de Cangas, onde o mariñeiro confederal Rufino Miranda ocupou cargos de responsabilidade no Pósito de Cangas-Darbo, ver SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005); en Malpica, onde militantes de IR e da CNT coparon os postos directivos do Pósito durante a Fronte Popular, ver REDONDO ABAL, F. X. (2012): *O mar e a memoria. O Expediente Armesto*, Santiago, Laiovento.

48 Ver resolucións do Congreso fundacional da *Federación Cantábrica de la Industria Pesquera* no punto terceiro da orde do día, relativo á “Posición de nuestra organización en relación a los Pósitos y a los trabajadores que en ellos trabajan”, en Internationaal Instituut vor Sociale Geschiedenis Amsterdam, CNT (España) Archives, 68B.4, “CNT AIT, F.N.I.P., Federación Cantábrica de la Industria Pesquera, Actas y Resoluciones del Congreso constitutivo celebrado en Santander los días 12 y 13 de Julio de 1936”.

funcións cun pulo notábel, mercé ao seu vencello coa Administración que encanaba a través deles o intervencionismo do Estado, por veces ben articulado.

Con todo, os Pósitos non mudaron en esencia a situación dos pescadores no que atinxe ás súas condicións de traballo e vida, e as pretensións de implantar cooperativas de produción, abaratar os “imputs”, eliminar os intermediarios e controlar a distribución do produto, reveláronse, tal e como recoñeceu Costa Alonso nas súas “Memorias”⁴⁹, carentes de realismo nun capitalismo pesqueiro a cada máis dominante nos portos nos que descargaba a flota de altura e baixura (a pesca costeira de carácter artesanal, era a excepción), pois, como escribía con coñecemento de causa José Villaverde no semanario anarcosindicalista vigués “*¡Despertad!*” na altura de 1929, naqueles peiraos a identidade entre armadores, remitentes, acopiadores, provedores e fabricantes era case total, non só no tocante aos intereses de clase ou aos negocios comúns, senón, mesmo en non poucas ocasións, física⁵⁰. Por conseguinte, nunha época de agravamento dos enfrontamentos clasistas e grande desenvolvemento do sindicalismo de clase no mar como foi a República, o labor dos Pósitos, centrado máis que nada na fasquía asistencial, educativa e mutualista, ficou un chisco esvaída pola conflictividade sociolaboral, manténdose relativamente estancada a súa afiliación nesta etapa: no curto período republicano, funcionaron no litoral galaico un total de 58 Pósitos de Pescadores agrupando a 7.309 afiliados, que representaban preto do 25% do total estatal. Non obstante, os Pósitos galegos recibiron menos do 10% do conxunto de préstamos e subvencións concedidos en todo o Estado, algo que debeu influír na modestia das súas realizacións⁵¹.

49 COSTA ALONSO, J., RÚA COSTA, X.L., SANTOS CASTROVIEJO, I., (2000): 74-75. A unhas conclusións semellantes chegan MORALES MUÑOZ, M. (2001): 98-102, e ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2005): 2-23.

50 Editorial “Los Intermediarios”, “*¡Despertad!*”, Vigo, 22/6/1929. No caso da pesca de altura coruñesa, as actividades de comercialización e distribución de peixe estiveron integradas e controladas máis ou menos formalmente polas principais sociedades armadoras operativas no porto herculino dende comezo de século ate a Iª Guerra Mundial; posteriormente, as actividades se diversificaron e a colocación do produto nos mercados das grandes capitais realizouse a través de intermediarios (exportadores-acopiadores, asentadores...), que, non obstante, estaban relacionados cos armadores por múltiples vencellos, como, por exemplo, a súa cooperación en sociedades auxiliares, caso das compañías que subministraban xeo a exportadores e armadores. Ver SINDE CANTORNA, A. I. (2002). No Berbés olívico, significativamente, os armadores, vendedores e remitentes formaron parte dende o ano 1916 do mesmo colectivo patronal: a “*Sociedad de Armadores, Vendedores y Exportadores “La Necesaria”*”, que continuou a funcionar despois da Guerra Civil.

51 ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): 3-26. A distribución provincial era: Lugo 6 e 1.048 asociados; Coruña 35 e 2.661 asociados; Pontevedra 17 e 3.600 asociados. Destaca, dende logo, tanto o grande número como o pequeno tamaño dos Pósitos coruñeses. A comparación co sindicalismo de clase, incorporado maioritariamente na *Federación Regional Galaica de Industria Pesquera* (CNT), é pertinente e significativa: os confederais sumaban na altura de xullo de 1936, 17.335 afiliados e afiliadas cando menos a 47 colectivos doutros tantos portos. Ver PEREIRA, D. (2010).

Coda

Tras a Guerra Civil e non sen antes suspender ou clausurar varios Pósitos (Louro, os tres de Cangas, Cambados, Foz, O Pindo...) e perseguir a non poucos daqueles mestres ou mariñeiros que foron quen de acadar o seu achegamento ás esquerdas (o propio Presidente da “*Federación Gallega de Pósitos*” Francisco Diz, foi un deles), a Ditadura franquista impuxo o modelo confesional, tutelado e autoritario das “*Cofradías de Pescadores*”, que substituíu oficialmente aos Pósitos no ano 1943 cando foron declaradas oficialmente corporacións de “derecho público”, vencelladas de xeito obrigatorio ao falanxista “*Sindicato Vertical de la Pesca*”.

Pero iso, é outra historia....

Dionísio Pereira

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

- AAVV. (2009): *Memorias. Ricardo Pérez Medín*, Santiago, Fundación Luis Tilve.
- BREY, G. (1990): *Economie et mouvement syndical en Galice (1841-1911)*, Tese de doutoramento inédita, Lille, Atelier National de Repographie des Thèses.
- COSTA ALONSO, J., RÚA COSTA, X.L., SANTOS CASTROVIEJO, I. (2000): *José Costa Alonso. Memorias da miña vida societaria*, Santiago, Consellería de Pesca Xunta de Galicia.
- COSTA RICO, A. (1989): *Escolas e Mestres*, Santiago, Xunta de Galicia.
- DÍAZ DE RÁBAGO, J. (1885): *La industria de la pesca en Galicia. Un estudio sociológico*, Santiago de Compostela, Sociedad Económica de Amigos del País.
- DE SALAS, F.J.. e GARCÍA SOLÁ, F. (1876): *Memoria sobre la industria y legislación de pesca (1870-74)*, Madrid.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (Coord.), (1998): *Historia da pesca en Galicia*, Santiago de Compostela, Biblioteca de Divulgación, Universidade.
- GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1984): *El movimiento obrero en Vigo, 1890-1914*, Tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, Universidade.
- GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1996): *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, MAPA.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M. e VILLAVARDE ROMÁN, X.C. (1999): *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social y política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*, Sada, Ed. do Castro.
- MANÁ, O. (1994): *La Pêche et les pecheurs à Marin (1770-1915)*, Memoire de Maîtrise inédita, Besançon, Université de Franche-Comté.
- MINISTERIO DE INDUSTRIA Y COMERCIO (1933): *Estadística de Pesca. Año 1932*, Madrid.
- PEREIRA, D. (1998): *Sindicalistas e Rebeldes*, Vigo, A Nosa Terra.
- PEREIRA, D. (2005): *Foulas e Ronseis (Retrincos para un tratado do mar dos galegos)*, Santiago, Positivas.
- PEREIRA, D. (2010): *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, Vigo, Xerais.
- REDONDO ABAL, F. X. (2012): *O mar e a memoria. O Expediente Armesto*, Santiago, Laiovento.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B. (1916): *Los pescadores del Norte y Noroeste de España. Su vida social y particular por provincias*, Madrid, Imprenta Alemana.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B. (2000): *Diccionario de Artes de Pesca de España y sus posesiones*, Sucesores de Rivadeneyra S.A. Artes Gráficas, Madrid, 1923, Reedición Fascímil, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Xunta de Galicia.

SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005): *Historia de Cangas, 1900-1936. Unha ribeira de pescadores*, Vigo, A Nosa Terra.

SINDE CANTORNA, A.I. (2002): *Estrategias de crecimiento y formas de integración en la empresa pesquera gallega (1900-1960)*, Madrid, Fundación Empresa Pública.

ARTIGOS DE REVISTA

ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007): “Una pesca feliz: Alfredo Saralegui y sus Pósitos de Pescadores (1915-1936)”, *Historia Social*, 57: 3-26.

CÁRDABA, M. (2001): “La col. lectivitat de la indústria pesquera de Roses de Vicens Soler”, *AIEE Figueres*, 34: 497-541.

CARMONA, X. (1998): “Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas do século XVIII”, *Grial*, 102: 216-226.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1999): “Los Pósitos de Pescadores: La vida del Pósito de Moaña a través de las Memorias de Costa Alonso”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XLVI, 111: 149-192.

GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1989): “Aproximación ao sector pesqueiro galego no primeiro terço do século XX”, *Agália*, monográfico nº2: 7-32.

LÓPEZ LOSA, E. (2003): “Derechos de propiedad informales y gestión comunal de las pesquerías en el País Vasco. Un enfoque ecológico institucional”, *Revista de Historia Económica*, 1: 11-50.

MINISTERIO DE MARINA (1917): *Boletín de Pesca*, Madrid, Dirección General de Navegación y Pesca/Instituto Español de Oceanografía, Noviembre de 1917.

MORALES MUÑOZ, M. (2001): “Los Pósitos de Pescadores en la Costa del Sol Occidental”, *Cilniana*, 14: 98-102.

PERFECTO, M.A. (2006): “El corporativismo en España: desde los orígenes a la década de 1930”, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 5: 185-218.

VILAR RODRÍGUEZ, M. (2007): “¿Entre la limosna y el bienestar?. Origen, desarrollo y consecuencias de las políticas sociales en Galicia (1890-1935)”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, vol. 29: 173-197.

COLABORACIÓN EN OBRA COLECTIVA

ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2005): “Una pesca feliz: a propósito de Alfredo Saralegui y sus Pósitos de Pescadores (1915-1936)”, Santiago, Asociación Española de Historia Económica, VIIIº Congreso: 2-23.

COLECTIVO XERMINAL (1990): “Crise económica e loitas sociais na Galicia republicana: o conflito pesqueiro vigués de 1932” en AAVV: *O Movemento Obreiro en Galicia: catro ensaios*, Vigo, Xerais: 139-312.

- PEREIRA, D. (1992): “Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira (1870-1936)” en PEREIRA, D. (Coord.) *Os Conquistadores Modernos. Movemento Obreiro na Galicia de anteguerra*, Vigo, A Nosa Terra: 151-172.
- PERNAS OROZA, H. (2001): “El marco asociativo en la Galicia marinera durante el primer tercio del siglo XX: una aproximación a los Pósitos de Pescadores de la Mariña Lucense”, Zaragoza, Asociación Española de Historia Económica, VIIº Congreso: 1-21.

